

CRITERIOS DE SELECCIÓN CEMTBO 2025

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MTBO 2025

Campionato de España por Comunidades Autónomas

DISTANCIA LONGA | DISTANCIA MEDIA | DISTANCIA SPRINT

28 e 29 de xuño | Santa Pola (Alicante)

O principal obxectivo de establecer uns criterios de selección, é regular o procedemento para a formación do grupo de persoas deportistas que representarán a Galicia no próximo Campionato de España de MTBO (CEMTBO) que se disputará en Alicante na vindeira fin de semana do 28 e 29 de xuño de 2025.

O ideal de anticipar a presentación destes criterios, débese á intención de posibilitar a participación no máximo número de probas ou adestramentos previos ao evento. O programa xeral das Seleccións Galegas é continuista co declarado en anos anteriores.

Aínda non tendo publicado unha ideal primeira lista con anterioridade, atopándonos xa no mes do Campionato, o calendario FEGADO de MTBO contará con 3 probas previas disputadas no 2025 (por 6 probas no 2024, das que dúas foron de Liga Nacional). Respecto a FEDO, o número de probas do calendario 2025 será de 8 probas en 4 eventos (13 probas en 6 eventos no 2024). Isto permitiralle ás persoas deportistas interesadas en participar no CEMTBO 2025, a acumular resultados e demostrar o seu rendemento en diversas probas, garantindo unha selección xusta e completa.

Como realmente estes criterios non variaron dende a tempada pasada, podemos considerar tamén os resultados e participación nas Ligas Galegas e Nacionais de MTBO no pasado recente 2024, así coma o actual 2025, dándolle a oportunidade ás persoas deportistas a ter máis continuidade na selección, debido á capacidade de planificar o seu adestramento con anterioridade e asegurarse proxección no futuro. Isto fomentará unha maior participación e compromiso dos deportistas, reforzando así o nivel competitivo para o campionato.

Dito isto, presentamos os criterios que se teñen en conta para establecer as persoas integrantes da selección Galega para o vindeiro CEMTBO 2025, que contará coas seguintes probas:

- Campionato de España longa distancia (individual)
- Campionato de España media distancia (individual)
- Campionato de España distancia sprint (individual)

E coa suma das 13 mellores puntuacións individuais de persoas deportistas con licencia por FEGADO en cada unha destas distancias, se determinará a clasificación final no **Campionato de España por**

Comunidades Autónomas (39 puntuacións en total), atendendo á seguinte desagregación (**novidade de categorías 45, 55 e 65 en 2025**):

- **5 mellores** puntuacións obtidas nas categorías **sub-20**: M/F15, M/F17, M/F20
- **4 mellores** puntuacións obtidas nas categorías **veteranas**: M/F40, **M/F45**, M/F50, **M/F55**, M/F60, **M/F65**
- **4 mellores** puntuacións obtidas nas categorías **sénior**: M/F21, E/FE

En consecuencia, o grupo de selección da nosa Comunidade estará formado por un máximo de 13 deportistas masculinos e un máximo de 13 deportistas femininas, podendo quedar prazas vacantes de non acadarse unhas garantías de mínimas de resultados e de participación ou experiencia previa.

Requisitos previos para poder formar parte da selección:

- 1) Ter licenza de tempada FEDO válida.
- 2) Cumprir os requisitos de idade para a competición a que aspiran.
- 3) Non estar sancionado pola FEGADO, FEDO, ou outros órganos competentes.

Criterios de selección:

- 1) Resultados (ou a participación na organización) e ranking acadados nas Ligas Galegas de MTBO 2024 e 2025 (actual).
- 2) Resultados e ranking acadados nas diferentes probas de Liga Española 2024 e 2025 (actual).
- 3) Outros: clasificación e participación en carreiras a nivel nacional e internacional.
- 4) Ademais dos resultados obtidos nas competicións oficiais, tamén se terá en conta a participación activa en actividades de adestramento e tecnificación da FEGADO organizados no 2024 e 2025. Estes adestramentos son unha oportunidade inestimable para a mellora da condición física individual, perfeccionar a técnica de orientación e reforzar o traballo en equipo.
- 5) Decisión técnica. Por decisión da Dirección Técnica de FEGADO, previo informe da Vogalía de MTBO.

Jorge Piñeiro Portela

DIRECTOR TÉCNICO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN

direcciontecnica@fegado.es